

ANEXO I

Nome do centro			Código	
Enderezo			Localidade	
CP		Provincia		Teléfono

Conforme co previsto na Orde do \_\_\_ de \_\_\_ de 2006, para a convocatoria de selección de centros públicos participantes no proxecto de implantación e certificación en sistemas de calidade, este centro solicita participar no dito proxecto e engade a seguinte documentación:

- a) Exposición de motivos que impulsan o centro a participar.
- b) Documentación:
  - a) Certificación do director ou directora do acordo do claustro para participación no proxecto, facendo constar o número de votos a favor e en contra, abstencións e votos nulos. Tamén se indicará o número de profesores con destino definitivo no centro que apoian este proxecto.
  - b) Proposta dun membro do claustro con destino definitivo no centro como responsable da calidade.
  - c) Relación de experiencias e actividades realizadas polo profesorado relacionadas coa calidade ou a mellora da práctica da xestión docente.

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2006.

Director/a do centro  
(Sinatura e selo)

Asinado: \_\_\_\_\_  
DIRECTOR XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

*Corrección de erros.-Orde do 25 de setembro de 2006 pola que se publica a relación de centros seleccionados para a realización de plans de mellora da calidade da educación dos centros educativos para o curso escolar 2006-2007, convocados pola Orde do 10 de maio de 2006.*

Advertidos erros no anexo da citada orde, publicada no DOG nº 192, do 4 de outubro de 2006, cómpre publicar a seguinte corrección:

No anexo, centros seleccionados, páxina 14.846,

Onde di:

CEIP SAN LUIS ROMERO	15005223	CARBALLO	A CORUÑA	2.500 €	30
----------------------	----------	----------	----------	---------	----

Debe dicir:

CEIP XESÚS SAN LUIS ROMERO	15027393	CARBALLO	A CORUÑA	2.500 €	30
----------------------------	----------	----------	----------	---------	----

Onde di:

LUIS DÍAZ MORENO	27007958	BARALLA	LUGO	2.000 €	30
------------------	----------	---------	------	---------	----

Debe dicir:

CPI LUIS DÍAZ MORENO	27007958	BARALLA	LUGO	2.000 €	30
----------------------	----------	---------	------	---------	----

*Orde do 26 de setembro de 2006 pola que se convocan as axudas do Programa de estruturación de unidades de investigación en humanidades e ciencias sociais, en réxime de concorrencia competitiva.*

O Sistema Público de I+D en Galicia, en particular no ámbito do sistema universitario, amosa unha mar-

cada fragmentación, o que se traduce na existencia de poucas unidades ou grupos de investigación que teñan dimensión suficiente para xerar resultados competitivos ou acceder aos recursos dispoñibles no ámbito nacional e internacional. Ao mesmo tempo, o SUG ofrece unha constatable desestruturación e dispersión de capacidades que, con independencia da súa calidade disciplinar, reduce a masa crítica real e, por conseguinte, a súa potencialidade científica e tecnolóxica, e condiciona a converxencia e complementariedade de recursos cada día máis necesaria para formular e acadar obxectivos significativos mediante actuacións transdisciplinares.

Este conxunto de circunstancias estruturais actúa xeralmente como un factor limitante na consolidación e especialización de ámbitos de investigación referentes, ao tempo que reduce a proxección das capacidades científicas sobre o sistema de innovación e o contorno social e económico.

Para paliar esta situación, a consellería puxo en marcha o Programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas (Orde do 6 de xuño de 2006), que potencia a organización competitiva, así como a ordenación e consolidación eficiente dos recursos e da actividade investigadora nas universidades do SUG.

No desenvolvemento dos obxectivos deste programa, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria entende que no ámbito das ciencias sociais e as humanidades, a organización e o desenvolvemento da actividade investigadora presenta particularidades que fan necesario unha actuación específica, así como a dispoñibilidade de instrumentos de estruturación idóneos para promover unha organización máis efectiva e competitiva nestes campos científicos. Doutra banda, deben tomarse en consideración, así mesmo, as dificultades que se atopan nestas áreas, caracterizadas polo carácter intanxible dos seus resultados e capacidades, para facer posible a transferencia de coñecemento que requiren os sectores sociais e económicos vencellados ao desenvolvemento destas disciplinas.

Cómpre recordar que o sistema universitario segue a ser en Galicia o principal xerador de coñecemento nas áreas de humanidades e ciencias sociais, polo que a carencia de capacidades no SUG repercute directamente no impacto e proxección destas disciplinas tanto no Sistema Galego de Innovación coma no ámbito científico exterior. Por iso, e seguindo as recomendacións da Comisión Europea, faise necesario dispor dun instrumento específico que contribúa á estruturación e fortalecemento das capacidades nestes ámbitos da actividade científica e disciplinar.

Á Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia correspóndelle, sen prexuízo das competencias atribuídas á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria, a promoción e a xestión eficiente e inte-

grada dos recursos e capacidades de investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG), para a súa vertebración e posta en valor no marco do Sistema de Innovación. Tal xestión concrétese na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da actividade investigadora do SUG, así como da calidade dos seus medios e resultados. Ademais, deberá contribuír á ordenación e complementariedade das capacidades investigadoras do SUG, seguindo criterios de excelencia e consolidación. Así mesmo, terá presente en todo momento a necesidade de transferencia de coñecemento á sociedade galega a través da promoción da óptima xestión dos resultados de investigación xerados polo SUG, incentivando a súa orientación ás demandas sociais, económicas e ambientais da comunidade autónoma.

Polo que antecede, esta consellería

### *DISPÓN:*

Artigo 1º.-Obxecto da convocatoria.

Esta convocatoria establece as condicións, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, para o acceso a axudas que posibiliten a estruturación de unidades de investigación máis competitivas no ámbito das ciencias sociais e as humanidades do Sistema Universitario de Galicia.

As axudas para a consecución deste obxectivo apoiarán iniciativas de creación, organización e cooperación de grupos de referencia, así como estruturas de investigación dun nivel de agregación superior ao grupo, que permitan tanto a xeración de novas capacidades investigadoras como unha mellor dotación e xestión das infraestruturas e dos recursos comúns. Para iso, estas axudas irán destinadas as seguintes actuacións:

a) A creación ou fortalecemento de unidades de investigación que propicien unha organización máis competitiva, que favorezan a interdisciplinariedade e a complementariedade de capacidades, a colaboración interuniversitaria, e o incremento de dimensión cando isto sexa relevante.

b) O establecemento de estratexias para o acceso da nova estrutura a ámbitos de investigación e financiamento competitivo (convocatorias competitivas, redes nacionais e internacionais, publicacións de impacto, proxectos internacionais, accións de transferencia, etc).

c) A planificación e desenvolvemento de actuacións conxuntas que repercutan no aumento das capacidades do grupo ou nova estrutura, así como na mellor explotación de recursos e na transferencia de coñecemento.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas indicadas no artigo anterior, os grupos de investigación das universidades do Sistema Universitario de Galicia, recoñecidos como tales pola súa universidade de orixe, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que traballen no ámbito das ciencias sociais ou humanidades, entendendo por tales as seguintes áreas ANEP: economía; dereito; ciencias sociais; psicoloxía e ciencias da educación; filoloxía e filosofía; historia e arte.

b) Que teñan como mínimo a seguinte composición:

\* Cando solicite un grupo de forma individual: polo menos 3 PDI.

\* Cando solicite un grupo acompañado doutros: polo menos tres grupos (con independencia do número de PDI) ou polo menos 5 PDI de dous o máis grupos.

c) Que o grupo ou agrupación cumpran tres dos seguintes criterios:

1. Sumar un mínimo de catro sexenios de investigación entre todos os integrantes do grupo ou agrupación.

2. Ter defendido un mínimo de tres teses de doutoramento nos últimos cinco anos.

3. Ter disfrutado de financiamento en convocatorias competitivas para un mínimo de dous proxectos de investigación nos últimos cinco anos.

4. Ter publicado nos últimos cinco anos un mínimo de cinco resultados de investigación (en forma de libros, capítulos de libros ou artigos en revistas científicas) de ámbito nacional ou internacional.

5. Ter acadado algún contrato ou convenio con institucións ou empresas para producir transferencia de coñecemento ou de tecnoloxía nos últimos cinco anos.

6. Ter logrado algún fito científico ou organizativo relacionado coa investigación, relevante na súa área nos últimos tres anos. Para estes efectos, terase en conta a participación relevante e continuada en redes ou foros internacionais.

d) Que teñan competencia científica no ámbito das actividades propostas, así como demostrar experiencia e complementariedade para o seu desenvolvemento. Ademais, que o grupo ou a agrupación creada contribúa á articulación do SUG, valorable a partir da capacidade de integración de grupos consolidados e emerxentes, da organización interuniversitaria e da capacidade de colaboración con outros axentes do Sistema de Ciencia-Tecnoloxía de Galicia.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por Investigador PDI o persoal docente investigador do Sistema Universitario de Galicia con categoría de doutor, asumíndose nesta cualificación o persoal contratado doutor vinculado por programas competitivos de dotación de persoal, en particular os procedentes dos Programas Ramón y Cajal, Parga Pondal ou Juan de la Cierva, sempre que formen parte do grupo de investigación no rexistro da universidade correspondente.

Artigo 3º.-Contía e duración.

A axuda consistirá nunha contía máxima por agrupación de 45.000 € anuais. As axudas serán de aplicación por un período de dous anos, prorrogables

por outro máis, mediante o pagamento dunha contía anual ao grupo solicitante da axuda.

A contía irá destinada ao desenvolvemento de actividades de creación, organización e cooperación, que deberán dar lugar a grupos de investigación máis fortalecidos, e traducirse na posta en marcha de, polo menos, unha actuación novidosa ao cabo de dous anos, así como definir actividades de estruturación e investigación común para os seguintes anos. Esta actuación será avaliada para a concesión da prórroga.

Artigo 4º.-Conceptos subvencionables.

Os importes irán destinados a subvencionar os seguintes conceptos:

1. Custo de persoal investigador ou de apoio auxiliar, valorándose a designación de persoal dedicado de xeito específico ás funcións de desenvolvemento e xestión da agrupación.

2. Pequeno equipamento e funxible, e custos de mantemento derivados de materiais, subministracións, instrumental, etc.

3. Material bibliográfico e bases de datos.

4. Asociación a sociedades científicas.

5. Actividades de formación conxunta dos membros da agrupación.

6. Viaxes.

7. Investigadores visitantes.

8. Organización de actividades de difusión conxuntas.

9. Asesoramento externo para pór en marcha a agrupación ou algunha das actividades conxuntas.

10. Estadías de intercambio de persoal.

11. Deseño e posta en marcha de ferramentas para codificar e compartir coñecemento, así como de comunicación.

12. Calquera outro custo necesario para o desenvolvemento da agrupación cara aos obxectivos establecidos.

Artigo 5º.-Formalización e presentación de solicitudes.

O modelo oficial completo de solicitude, do que a carátula se achega como anexo a esta orde, estará ao dispor dos interesados nas dependencias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e na internet no enderezo <http://www.edu.xunta.es>.

As solicitudes serán presentadas polo coordinador (ou equivalente) do grupo de investigación que solicite a axuda, no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992. O solicitante será o coordinador do grupo de investigación que asuma as tarefas de xestión da agrupación.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade do solicitante ou do documento equivalente no caso

de ser nacional doutro país membro da Unión Europea ou da tarxeta de residente, no caso de nacionais doutros países.

b) Documentos que, se é o caso, acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria. Deberán achegar referencia do recoñecemento como grupo por parte da súa universidade de orixe, indicando o código e a denominación de grupo ou achegando a ficha normalizada de grupo.

c) Memoria descritiva da estratexia de estruturación que van seguir os grupos, e que xustifica a necesidade desta axuda.

d) Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas ou polos seus organismos ou sociedades, consonte o documento que se inclúe no modelo de solicitude.

e) Currículo normalizado, en soporte CD. De non ser presentado tomarase en consideración os correspondentes dispoñibles no Rexistro de Investigadores de Galicia (Riga).

f) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

g) Certificación, de estar ao día no cumprimento das obrigas estatais, coa comunidade autónoma e a Seguridade Social, salvo que o centro estea eximido desta obriga en aplicación do establecido no artigo 41.1º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006.

h) Consentimento expreso á Administración ou ente concedente para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados nese decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo. A reserva que poidera facer o petionario no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

Segundo o artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a presentación de solicitude de concesión de axudas e subvencións polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

O prazo de presentación de solicitudes será de 31 días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no DOG.

Artigo 6º.-Tramitación.

A instrución do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle á Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG.

Os servizos da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG comprobaran que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde e exporán a lista de solicitudes admitidas e excluídas inicialmente sinalando, se é o caso, as causas de exclusión, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais, nos vicerreitorados de investigación das universidades galegas e na internet no enderezo <http://www.edu.xunta.es/>

Esta lista estará exposta durante dez días hábiles, podendo os interesados, durante ese mesmo prazo, formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos ante a Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG, achegando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase que o interesado desiste da súa petición nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

Non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de desestimación da solicitude presentada con independencia de que poidan acordarse outro tipo de actuacións.

Artigo 7º.-Comisión de selección e criterios de avaliación.

A valoración das solicitudes presentadas referirase á organización dos grupos, á súa produción e calidade científica, así como á súa experiencia colaboradora e á idoneidade da programación proposta de acordo aos obxectivos da convocatoria, efectuándose a avaliación correspondente mediante a creación dun grupo de avaliadores, formado por expertos de fóra do Sistema Universitario de Galicia, designados polo director xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG.

A valoración farase chegar á comisión de selección, que elaborará a proposta de resolución de acordo coas bases da convocatoria, as avaliacións correspondentes, a dispoñibilidade de recursos e os obxectivos de estruturación que suscita esta actuación.

A comisión de selección estará constituída por seis membros:

-O director xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou persoa en que delegue, que actuará como presidente da comisión.

-Serán vogais tres representantes do SUG (un por cada universidade), un funcionario da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG (que actuará como secretario), e o presidente dos paneis de expertos de avaliación.

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

a) Producción científica e transferencia: (35 % da puntuación).

-Nivel de excelencia da produción científica e a produtividade de acordo coa dimensión do grupo ou agrupación avaliados.

-Capacidade de formación de investigadores, tendo en conta o número de bolseiros e contratados pre-doutorais e posdoutorais, teses dirixidas e posgraos ou doutoramentos impulsados ou vencellados a liñas de investigación do grupo ou da agrupación avaliados.

-Obtención de financiamento a través de convocatorias competitivas, estatais, europeas ou doutra procedencia por proxectos de investigación, atendendo especialmente ao liderado dos proxectos.

-Accións de transferencia de coñecemento mediante contratos ou convenios de investigación ou de transferencia de tecnoloxía con administracións públicas ou empresas.

b) Experiencia previa de colaboración acreditable atendendo a criterios como: (10 % da puntuación).

-Ter participado en proxectos de investigación conxuntos financiados por convocatorias competitivas autonómicas, nacionais ou internacionais.

-Ter publicado conxuntamente en publicacións de ámbito internacional.

-Ter programas de doutoramento compartidos.

c) Organización: (20% da puntuación).

-Composición, estrutura, interdisciplinabilidade e coherencia do grupo de referencia ou da agrupación, existente ou de nova creación, e da súa actividade, valorándose especialmente o equilibrio de xénero nela. Prestarase atención á capacidade de integración de grupos con diferente nivel de consolidación e experiencia investigadora, amosando na práctica a cultura de cooperación e complementariedade que require a articulación do SUG.

d) Memoria de actividades proposta: (35% da puntuación).

-Valorarase a calidade e viabilidade das actividades de cooperación, organización e creación propostas polos solicitantes.

Artigo 8º.-Trámite de audiencia.

De conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 30/1992, e co obxecto de realizar o trámite de audiencia e inmediatamente antes de elaborar a correspondente proposta de resolución definitiva, a Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG publicará na súa páxina web a relación de axudas propostas así como as solicitudes denegadas, concedendo a todos os solicitantes un prazo de dez días hábiles desde a data de comunicación aos interesados da publicación para que poidan formular as alegacións que estimen oportunas.

Examinadas, de ser o caso, as alegacións presentadas polos interesados, a comisión de selección formulará a proposta de resolución definitiva que incluírá a relación de candidatos seleccionados e a lista de reserva.

Artigo 9º.-Resolución.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelle á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria sen prexuízo da súa posible delegación noutros órganos da consellería. A comisión de selección elevará a proposta de resolución á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria. Esta resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e, ademais, será notificada de forma individual aos adxudicatarios con indicación dos obxectivos de estruturación da agrupación obxecto da axuda.

Todas as solicitudes serán resoltas no prazo máximo de 6 meses, contados desde a publicación da convocatoria de presentación das solicitudes.

A non resolución en prazo faculta aos interesados para entender desestimadas as súas solicitudes, de conformidade co previsto no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A resolución expresa ou presunta que poña fin á vía administrativa, poderá ser impugnada polos interesados mediante recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 10º.-Libramento da subvención.

A axuda será librada a través da universidade á que pertenza o solicitante, conforme o plan de necesidades do proxecto receptor da axuda e de acordo coa normativa vixente.

Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a universidade correspondente expida, na data límite do 31 de outubro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate, a certificación expresiva da realización do gasto acompañada dunha memoria explicativa do logro dos obxectivos da agrupación.

Para efectuar o último pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

Poderán realizarse pagamentos parciais á conta da liquidación final nas condicións establecidas na normativa vixente.

Nos proxectos plurianuais enténdese que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata final de ano corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, poderán presentarse como xustificante para o cobramento desta anualidade.

Artigo 11º.-Modificación da resolución de concesión de axudas.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da axuda, tal como se especifica no artigo 12 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e en todo caso, pola obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

As axudas concedidas serán compatibles con outras axudas ou subvencións, de acordo co establecido na normativa aplicable. Esta compatibilidade estará condicionada a que o importe das axudas concedidas, illadamente ou en concordancia con outras, non supere o custo da actividade subvencionada. Non obstante, as axudas previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das que poida conceder esta consellería para a mesma actividade, e particularmente con outras axudas do Programa de Consolidación e Estruturação de Unidades de Investigación Competitivas. Tamén serán incompatibles coas «axudas e incentivos para participación noutros programas» do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, cando a solicitude desta última corresponda a proxectos concedidos en convocatorias nacionais.

Cando a entidade beneficiaria reciba outros fondos cos mesmos obxectivos que os establecidos nesta convocatoria, deberá poñelo en coñecemento da Dirección Xeral de Promoción Científica Tecnolóxica do SUG.

Artigo 12º.-Reintegro da axuda.

Os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da presente orde, deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención ou axuda pública percibida e dos xuros de demora devengados, desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos recollidos no punto 10 do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime orzamentario de Galicia.

Artigo 13º.-Renuncia das axudas.

No caso de que o beneficiario renunciase ás axudas unha vez percibidas, procederase consonte o establecido no artigo anterior.

Artigo 14º.-Seguimento dos proxectos.

A Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG poderá utilizar os procedementos que considere precisos para coñecer o desenvolvemento

da acción financiada e o investimento das cantidades achegadas. Poderanse solicitar informes parciais que acrediten a execución do proxecto en curso e dean conta dos resultados obtidos ata ese momento.

As bases que reñen a concesión das axudas e todos cantos actos administrativos deriven da súa aplicación, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de marzo.

Artigo 15º.-Dotación orzamentaria.

As axudas imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro, nas cales existe crédito axeitado e suficiente no orzamento da comunidade autónoma para 2006, aínda que todos eles poderán incrementarse en función das peticións presentadas e de acordo coas dispoñibilidades de créditos:

Aplicación orzamentaria: 09.05.322C.740.2.  
Crédito 2006 (en euros): 585.000.  
Crédito 2007 (en euros): 585.000.  
Crédito 2008 (en euros): 585.000.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-A presente orde adecúase ao texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e ás normas básicas da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segunda.-Esta orde poderá ser impugnada polos interesados mediante recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte da publicación da resolución no DOG, de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceira.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2006.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**  
Dirección Xeral de Promoción Científica e  
Tecnolóxica do Sistema Universitario de  
Galicia

ANEXO

<b>PROCEDEMENTO</b> <i>AXUDAS PARA ESTRUCTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS</i>	<b>CÓDIGO DO PROCEDEMENTO</b> <b>ED602A</b>	<b>DOCUMENTO</b> <b>SOLICITUDE</b>
---	--	---------------------------------------

**DATOS DO/A REPRESENTANTE DO GRUPO SOLICITANTE**

PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO	NOME
UNIVERSIDADE		POSTO DOCENTE	DEPARTAMENTO
TELÉFONO	EXTENSIÓN	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
ENDEREZO POSTAL COMPLETO (RÚA E NÚM.)			
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE		PROVINCIA
<b>ÁREA ANEP (sinalar a que corresponda):</b> <input type="checkbox"/> ECONOMÍA <input type="checkbox"/> DEREITO <input type="checkbox"/> CIENCIAS SOCIAIS <input type="checkbox"/> PSICOLOXÍA E CIENCIAS DA EDUCACIÓN <input type="checkbox"/> FILOLOXÍA E FILOSOFÍA <input type="checkbox"/> HISTORIA E ARTE			

**GRUPOS DE INVESTIGACIÓN QUE PROMOEN A ACTUACIÓN**

Nome do grupo	Investigador principal	Área ANEP	Universidade

Visto e prace da autoridade que representa legalmente á universidade solicitante

Apelidos e nome \_\_\_\_\_

Cargo \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 200 \_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

**LEXISLACION APLICABLE**

*Orde do 26 de setembro de 2006 pola que se convocan as axudas do Programa de estruturación de unidades de investigación en humanidades e ciencias sociais, en réxime de concorrencia competitiva.*

O/A solicitante, que asina máis abaixo, declara coñecer as normas específicas da presente convocatoria

SINATURA DO/A SOLICITANTE

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200 \_\_\_\_

(A cubrir pola Administración)		<b>NÚMERO DE EXPEDIENTE</b>
RECIBIDO	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
		/ /
		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

*Orde do 3 de outubro de 2006 pola que se lle concede ao centro estranxeiro universitario adscrito á Universidade de Dublín, Centro de Estudos Superiores Universitarios de Galicia. Cesuga, S.L.-University College Dublin, autorización para a efectiva impartición do terceiro curso correspondente ao título Bachelor of Architecture, conforme o sistema vixente noutro país.*

Polo Decreto 74/2004, do 25 de marzo (DOG do 13 de abril), concédese ao centro *Centro de Estudos Superiores Universitarios de Galicia. Cesuga, S.L.-University College Dublin*, autorización para implantar os estudos correspondentes ao título *Bachelor of Architecture*, conducente á obtención de títulos non homologados cos do sistema educativo español.

No artigo 3 do devandito decreto indícase que a efectiva impartición do primeiro e dos sucesivos cursos dos que constan os estudos aos que se refire o artigo 1 deste decreto exixirá antes do comezo do respectivo curso a autorización correspondente mediante orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Para este fin, o centro deberá xustificar e especificar previamente, ante a consellería, a contratación de profesores mantendo as ratios de calidade e de profesor/alumno a que se comprometeu no expediente así como os requisitos relativos aos espazos.

Xustificados por parte do centro estranxeiro universitario adscrito á Universidade de Dublín, *Centro de Estudos Superiores Universitarios de Galicia. Cesuga, S.L.-University College Dublin* os requisitos sinalados no parágrafo anterior e logo da inspección realizada para o efecto, esta consellería

#### DISPÓN:

##### Artigo 1º

Autorízasele ao *Centro de Estudos Superiores Universitarios de Galicia. Cesuga, S.L.-University College Dublin*, domiciliado na rúa Feáns nº 152 da Coruña, para que o abeiro do Decreto 74/2004, do 25 de marzo e, de acordo co convenio de compromiso académico asinado polo devandito centro e a *University College Dublin, National University of Ireland, Dublin*, imparta desde o curso académico 2006-2007 na cidade da Coruña, e dentro dos locais establecidos para o efecto no domicilio do centro, o terceiro curso dos estudos correspondentes ao título de *Bachelor of Architecture*, conforme o sistema educativo vixente noutro país e que conduce á obtención de títulos superiores non homologados académicamente cos títulos universitarios do sistema educativo español.

#### Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2006.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Orde do 15 de setembro de 2006 pola que se declara de interese galego a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), e se ordena a súa inscrición na sección do Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Innovación e Industria.*

Con data do 19 de xullo de 2006 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 139 a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 28 de xullo de 2006, pola que se clasifica como de interese industrial a *Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC)*, adscribíndose á Consellería de Innovación e Industria, que terá que exercer o protectorado plenamente sobre ela.

A fundación ten como fin principal a mellora e o aproveitamento dos recursos enerxéticos provinciais, así como a sensibilización das autoridades locais, as empresas e os cidadáns sobre a escaseza de recursos enerxéticos. Ademais, ten os seguintes fins:

a) Incentivar a difusión do uso racional da enerxía, dos recursos enerxéticos locais e das fontes renovables nos sectores de:

-Produción de bens e servizos (Pemes e industria), en colaboración co Inega.

-Administración pública, en colaboración co Inega.

-Sector doméstico.

b) Favorecer a diversificación, información e utilización óptimas das enerxías renovables.

c) Mellorar a seguridade enerxética.

d) Promover e manter o aforro enerxético.

e) Favorecer a integración dos obxectivos enerxéticos nos sectores ambientais e nos sectores produtivos locais.

f) Protexer o ambiente e reducir o impacto da polución e uso da tecnoloxía.

g) Reforzar e favorecer a investigación tecnolóxica sobre a enerxía.

Por todo isto, e en virtude das competencias que me confire o artigo 34.12º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro (modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro), reguladora da Xunta e do seu presidente, e segundo o establecido no artigo 8 da Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego (modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro), e 32.3º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego,

#### DISPOÑO:

Artigo único.

Declárase de interese galego a *Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC)*, ao cum-